

Mañá, se cadra, non será un día máis

Verónica Martínez Delgado

VII Concurso de cuentos Repsol S. A.
Segundo premio en lingua gallega

ANO 1994



Acordei. Xa era hora. Despois do desesperante tirrrií..., silencio. Acendín a luz e senteime na cama. Un día máis, un idéntico, monótono e triste día máis na miña vida. Quixera seguir durmindo como antes. Durmir sen soñar. O pesadelo que acabara de ter sacárame as gañas de todo: de durmir, de soñar e de vivir. Apoiei a testa na cabeceira da cama. Nada. Os ollos pechábanse co sono. Teño que erguerme. ¡Non! Supoño que se quedo cinco minutos máis non pasará nada. Onte estiven pensando moito. Non podoo pensar tanto, rematarei toleando. Prendín ás tantas da mañá. Verei a todos os meus compañeiros, terei que falar con eles e sorrir. Os rapaces estarán histéricos cos exames e eu terei que animalos, darlles os folgos que eu non teño, tranquilizalos...¿E a min quen me sorrirá, animará, dará folgos, calmará...? Xa empezo outra vez. Será millor que me erga.

Separei as mantas das pernas e sentín o aire frío da mañá. Baixei as dúas pernas á vez e calceime as chinelas. Cando me levantei, sentín como toda a habitación daba voltas e tiven que apoiar a man na parede para non caer. Fun dando tumbos ata a porta e abrina. Ía moito frío, comencei a tremer. Silencio. Escoitei o silencio, era doloroso, ferinte, humillante... Sentín o sabor ácido da miña boca. O cansancio dos ósos, da carne, da mente... Atravesei todo o corredor, entrei no cuarto de baño e acendín a luz. Espellos. Mireime, sinceramente tiña a cara dun morto. As olleiras eran negras, profundas, longas. Estaba

palidísima, branca, tétrica. Tiña as pálpebras inchadas, os ollos vermellos, sen brillo, case inexpresivos... Os beizos tamén inchados e o pelo graso e tremendamente enredado. Abrín a billa de auga fría. Escoitei o correr da auga. Estará xeadá. Imaxinei a sensación de frialdade e humidade da auga das mañás.

Cheguei case a sentila e un calofrío percorreume o corpo. Por moito que pensara e por máis que o atrasase la ter que facelo. Collín o xabón lavei as mans e despois de inclinarme mollei os ollos. Botei outra vez auga por toda a cara. Cos ollos pechados tirei da toalla. Sequeime. Subírame o sangue á cara, estaba coloradiña, tiña as pestanas pegadas unhas con outras por mor da auga.

Sentei na taza do water e sentin o frío da cerámica nas pernas e levei instintivamente as mans a elas. O ruído profundo, característico, continuo, profundamente odio so. Regresei tremando á habitación. Abrín o terceiro caixón do tocador, collín unha braga, un suxeitador, unha camiseta e unhas medias. O eterno dilema... Collín os pantalóns azuis vaqueiros e o polo de raias. Apaguei a luz e marchei con todo para o cuarto de baño. Abrín a billa da bañeira e deixei correr a auga, desprendía un vapor húmido, quente, agradable. Desvestinme moi despacio deixando caer a roupa e collín o xel. Pechei a porta. A auga estaba ardendo ata facer dano. Odio todo. A casa é fría. Terei que decidirme dunha vez por todas e poñer calefacción. O quentador está vello, ruxe e quenta demasiado a auga.

Teño que deixarlle un papel a Carmen. Non sei que quero xantar. Cada día estou máis delgada, estoume consumindo, pouco a pouco, por dentro e por fora. Aclarei o pelo e o corpo. Saín para fóra, aquilo parecía unha sauna, os espellos xa non eran tales. Enxugueime e púxenme a roupa lentamente. Abrín a porta e un pouco a fiestra. Collín o secador da alacena. Enchufeino e dirixín o aire ós espellos e o vapor fuxiu pouco a pouco da habitación. Desenredei o pelo, boteille espuma e sequeino un pouco. Recollín a bañeira, toda a roupa suxa... Dirime crema hidratante na cara e laveime os dentes. Gardei o cepillos e a pasta. Collín o reloxo, a pulseira e os aneis. Púxenmos, era bastante tarde, tiña que apurar.

Corrín para a cociña. Fixen o almorzo. Almorcei. Freguei. Deixei a nota a Carmen dicíndolle que me fixera de xantar o que ela quixera, que me daba igual. Gracias. Dei xeiille cartos tamén para a compra. Lavei os dentes outra vez. Apaguei todo. Collín o maletín e o chaquetón. Pechei a porta. Baixei as escaleiras. Atravesei polo xardín. Abrín o garaxe. Saíu Iz correndo, brincando e ladrando. Tiña gañas de xogar. Acariñeino e abrín a porta do coche. Saín e pechei o portal, non quería que ningún veciño se levara un susto con Iz, aínda que era un can moi bo, ladraba aberto cando cheiraba a alguén descoñecido. Acendín a radio para non pensar. Iso, para non pensar.

...«Welcome to the Hotel California. Such a lovely place (such a lovely face)...»

Piso un pouco o acelerador, agora xa estou mellor de tempo, cambeo as marchas, poño o intermitente... Ás veces creo que todos os días topo coa mesma xente meti da nos seus mesmos coches. Acendín a calefacción. Este inverno la acabar comigo, métese o frío nos ósos e o peor non é iso, o peor é que tamén se me mete o inverno no corazón, está xeado, bloque de duro xeo, inaccesible, frío, escurridizo... Aínda faltaba para o amencer. Aquí os amenceres son tan fermosos. O sol nace entre os montes, dache de cheo nos ollos, cégate uns segundos, medra e medra, sube... e despois morre. Pero os solpores xa son outras historias que algún día contarei. Agora tiña garda ¿non? Esperemos que falte alguén porque boxe non me quero quedar cos meus compañeiros. Despois exame cos de C.O.U. ¿Pasariame? «... you can check out any time you like, but you can never leave.»

Eles sempre me din que ¡les pido de mais. Canto máis lle pida máis dan e despois todo lles parece moi sinxelo. Freo un pouco, poño o intermitente. Cos que me río é coa clase de segundo. Onte mandeilles que me fixeran unha poesía. ¡Nin que lles pedira a lúa! A ver que me traen hoxe, non se ¡ por que teño a impresión que me vou levar unha sorpresa. Sa cheguei, freo, apago, saco o cinto, collo as cousas, pecho o coche e camiño firme cara a sá de profesores ¡Bos días! Bos días. Alí estaba María; achegue ¡me, ofrecínlle un pito. Colleuno, acendeuno e acendeume o meu. Que tal hoxe. Ben, e tí.

-Teño dous exames. Agora, a segunda cos de COU. Tේñenme tola, non paran de protestar. Ah.... ¿e tí atopache piso?

-Non, aínda non. Fun buscar onte. Había un moi preto pero ...¡o precio! Ademáis tiña moitísima humidade. ¿E tí? -díxome coa voz nun fio, nerviosa-. ¿Como estás? ¿Acostúmaste?

-Sí. Sí. Non a mirej ós ollos. Púxenme o pelo mollado por tras da orella e tireille unha boa calada ó pito. Para cambiar de tema pedinlle o xornal. Deumo e sumerxinme de cheo nel. A verdade estaba tan deprimente coma de costume «Morren tres persoas o estalar unha granada». «Un psicópata mata trece nenos en Sudáfrica»... Embutinme coas noticias. Comencei a pensar outra vez. A vida. Cando la en COU o que máis desexaba por riba de ir estudar a Santiago era estar onde estou agora. A carreira rematada, un traballo, unha casiña preto do mar, un coche, un can... e alguén que me quera ó meu carón... xa sej que a casa é de aluguer e aínda estou pagando as letras do coche, pero era o meu soño. E os soños non saben de letras. Tanto esperar e agora que case o teño, son moi feliz. Case real, «...alguén que me...» ¡O timbre! Parece como se a miña vida transcurrise entre uns sons moi agudos e insoportables, que se empeñan en espertarme das miñas ensoñacións. Corríñ cara a aula. Estaban colocando as mesas, as últimas olladas os apuntes... Bos días. Non vos preocupedes que é moi fácil.

-¡Sí! Seguro -dixeron casi ó unísono e con cara de enfurruñados-. De verdade que sí. Pasádeo cara atrás. Tedes o recreo tamén se o necesitades, os que queirades entregar, podedes facelo e saír. Lédeo antes de empezar, por favor. O que non entendades preguntádem.

Paseando entre as mesas, lía o que tiñan escrito. Algúns sopraban, outros escribían como tolos. Senteime na mesa e seguíu pensando, ¿Por qué agora esta infelicidade? «Tes que ser positiva, optimista...» dicíanme el sempre ¡¿Como vou ser optimista?! Tranquila. Pois iso, atentar facerlle caso.

Rubén debe pensar que son tonta. Achegueime, saqueille a chuleta e susurreille -Rubén, podes facelo sen isto, ¿non?

Púxose moí colorado. Seguro que coidou que ¡le la retirar o exame. ¡Pobre!, parece que lle vai dar un ataque. A min tamén. Estou mal. Moi mal.

A maioría xa entregou. Só quedan dúas persoas. Xa están todos. Marchel para clase dos de 2/, que xa estaban todos emocionados porque coidaban que non viña. Cando me viron chegar, exclamaron todos á vez Ooooh. ¡Oh! ¿que? ¿tan mal me queredes? ¿ou é que non tedes feitas as poesías'? Veña, ídemas entregando, antes de que me esquenza.

E non sei porque razón inexplicable a partir de aquí a mañá pasóuseme voando, case en segundos. Din a miña

clase, dúas horas libres, nas que aparte do café e da charla con Emilio, non fixen nada mais que començar a corrixir os exames.

A última hora outra clase en 2º; estaban un pouco falangueiros, pero nada máis. Cheguei á casa e Carmen... ¡estábame esperando! Coidei que pasara algo pero explicoume que non. Que hoxe facíame compañía ó xantar, tiña os fillos na escola, o home traballando, e a súa casa... podía esperar. Ela é un anxo, de verdade, sabe que non aturo a soidade e quedouse. Ademáis fíxome a miña comida favorita. Despois do café e dunha conversa entrañable e intranscendente, marchou.

Soidade outra vez. Angustia. Para non sentirme soa corrixín os exames. ¡Que desastre!, se xa estaba triste parece coma se me remataran dunha estocada. Só dez aprobados e para ¡so... Coma quen deixa o postre, o mellor para o final, fun deixando os exercicios dos de segundo.

Xa eran as seis. Nunca coidei que o amor poidera cravar as frechas tan fondas nos corazóns destas rapaciñas e dalgúns rapaces. Non estaban mal, había algúns pasables. Por suposto non lle la poñer nota, como ¡le tiven que dicir para que mas fixeran, un poema e sempre subxectivo...

¿Quen me dí a min que dentro destes corpos e por baixo destas torpes palabras non se agocha a alma doutro Celso Emilio...?

Belén... a verdade estaba desexando chegar a esta mulleriña. Na clase é tan caladiña, parece sempre unha foula que cae medosa sobre a neve, vese tan delicada...

Antes de ler erguín a vista do papel. O sol estaba a caer sobre o mar, uníndose nese bico eterno, que tan só dura uns minutos. Ese círculo de lume, pousando sobre o espello dourado, prateando na beira. O horizonte indefinible mesturado de cores tan continuadas e indecibles. Algún día inventaranse as palabras máis necesarias para definir esa cor que vai dende o azul, ó vermello, o lume, o dourado-prateado pasando por milleiros deles...

Aínda que todos os días observe esta mesma metamorfose do día na noite, este único universo do solpor, non poderei evitar esbozar un sorriso idiota e que no meu peito se acelere o tas-tas. Non hai un solpor idéntico a outro e tan só son así os solpores na praia.

Comecei a ler. Só vos podo dicir que o poema era tan... unha nai perdía ó seu fillo. Morrialle o seu fillo. E parece como se me doera incluso escribir este verbo: morrer, coma se o bolígrafo no puidera continuar co seu trazo. Quixera poder copiarvos aquí esa obra de arte, eses sentimentos, que non palabras, pero prefiro contarvos o que pasou cando rematei de ler, e non luxala así, misturandoa coas miñas torpes palabras.

Supoño que o destino foi cómplice co solpor e fixeron que eu tivera o tas-tas acelerado cando lin o poema.

Chorei. Comecei a chorar ruidosamente, a saloucar, a tremar coma unha folliña abaneada por un furacán. Chorei por vez primeira a súa morte. Chorei coas bágoas que me faltaran no enterro. Chorei para liberar esa dor tan fonda, tan interior, tan inmensa, tan malvada... que levaba moito tempo oprimíndome e non me deixaba respirar, vivir. Chorei a súa ausencia. Chorei porque xa non estaba aquí comigo. Chorei porque me deixou soa, aquel me xurou non abandonarme xamáis. Chorei aquelas bágoas que tragan os meus ollos cando a súa nai levara o seu fillo e que dixo, berrando, que eu lle levara o seu fillo e que pola miña causa morrera. Chorei por el e por min. Chorei porque xa non estaríamos xuntos nunca máis. Chorei as bágoas todas que levaba dentro dende o día que me dixeron: «Morreu». Chorei por aquel «sentímolo» dos meus pais, porque así a súa filliña xa non viviría en pecado mortal can home.

Chorei por todos eles, por el e por min. Chorei pola soidade na noite, nesta noite. Chorei pola soidade e frío das mañás. Chorei por este solidario solpor. Chorei pola nai da poesía que perdeu ó seu fillo. Chorei para chorar. Chorei por chorar. Chorei. Tan só chorei.

As bágoas fóronse enxugándose e decateime de que era un pouco máis libre, se cadra, mais feliz. Relín o poema. Remataba coa esperanzadora esperanza. A nai, esa que perdera ó seu fillo, la ter outro. Non o mesmo fillo, ese dos ollos azuis brillantes e do sorriso tenro, pero ó fin outro fillo.

Decidín que todo la cambiar dende hoxe. Mañá diríalle a María que se viñera a vivir comigo. Eu necesito compañía, estar rodeada de xente que quero, ela é moi boa amiga e creo que a quero e que ela necesita casa. E souben tamén que él morrera, que por non chorar a súa ausencia, por non pensar, non la voltar á vida.

Souben por primeira vez que algún día, co tempo, podo voltar a sentir, non o mesmo, algo diferente e fermoso. Cada amor é como un solpor. Non existen dous iguais pero todos teñen o seu encanto tan especial. Algúns recordarémolos sempre con moita viveza, como eu a el, con máis cariño, outros incluso poden pasar desapercibidos...

E mañá acordarei, cando sexa a hora. Despois do desesperante tirirí... silencio. Pero, se cadra, mañá será un día menos monótono e menos triste; un día máis da miña vida. E que o tirirí non sexa tan desesperante e que o silencio sexa menos profundo.